

Un ano máis, o Concello de Viana do Bolo, a través do seu Centro de Información á Muller, conmemora o Día Internacional das Mulleres (8 de marzo), renovando o seu compromiso e esforzo á hora de apoiar e promover medidas que promovan, por un lado, a igualdade real entre homes e mulleres e, polo outro, a eliminación da violencia machista en todas as súas formas e manifestacións.

Así, os actos e actividades propostos son os seguintes:

- **Obradoiros de promoción da igualdade para mulleres:** Como xa ven sendo costume cada vez que se conmemora un día clave para o feminismo, dende o CIM de Viana realizamos obradoiros de promoción da igualdade dirixidos aos grupos de mulleres cos que traballamos ao longo do ano (Mourisca, Penouta, etc.)

- **MAVI “A Maleta Viaxeira”:** Un servizo de préstamo de libros itinerante, promovido pola Subdelegación, que pretende achegar á poboación en xeral recursos literarios sobre igualdade, feminismo, empoderamento, autoestima e violencia de xénero. A maleta contén libros para diferentes públicos, escritos por mulleres, entre os que podemos atopar: “Hablarán de nosotras” de Sandra Berneda; “El encaje roto” de Emilia Pardo Bazán; “Memorias de una salvaje” y “Reina” de Bebi Fernández; “Malas Mujeres” de María Hesse ...

“MAVI” estará dipoñible todo o mes de marzo. As persoas interesadas na lectura dos libros poden recollelos no CIM de luns a venres en horario de 8:00 a 14:30 a partir do luns 4 de marzo.

Haberá un agasallo para todas as persoas participantes.

- **Escape Room “Estrelas”:** Unha experiencia de escapismo onde as mulleres máis apaixonantes da historia son as protagonistas (Isabel Zandal, Nefertiti, Agatha Christie, Ada Lovelace, etc.) . Unha actividade dirixida ao alumnado de 5º e 6º de primaria coa que se busca promover a igualdade dun xeito orixinal e moi divertido.

- **Teatro “O Ratiño presumido”:** Como é habitual nalgúns contos tradicionais, tamén o conto de "A ratiña presumida" fomenta os estereotipos de xénero e as ideas sexistas. Nesta actividade dramatizaremos o conto de "O ratiño presumido" dándolle a volta ao conto clásico para amosar a un ratiño (o rato Pillo) que racha cos estereotipos de xénero no que se refire aos labores domésticos, afeccións e coidados. A actividade estará dirixida ao alumnado de infantil e de primaria do CEIP Bibei.



- **Concentración polo 8M e Mesa Informativa:** Durante a xornada do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, terá lugar unha concentración á que están invitadas/os todas/os as/os veciñas e veciños de Viana do Bolo, colocarase tamén un “stand” no que se repartirá información e material feminista.
- **Monólogo de Humor “Diversidade & Igualdade”:** Para o alumnado do IES de Viana do Bolo temos programado un novedoso monólogo , que ten como obxectivo visibilizar a existencia de micromachismos, que son actitudes e comportamentos machistas moi arraigados na cotiandade do noso día adía e precisamente a normalización desas actitudes tan asentadas son as que perpetúan a desigualdade, a discriminación e a violencia de xénero. O obxectivo é achegar ao alumnado, a través do humor, a visibilización, sensibilización e normalización en temas de diversidade e igualdade, contra o machismo e a violencia de xénero, a homofobia, a transfobia e a xenofobia...
- **Servizo “Madrugador@s”:** É unha nova medida de conciliación que o Concello de Viana do Bolo, a través do CIM, pon ao servizo das familias e do alumnado do CEIP.

O servizo municipal de conciliación Madrugador@s consistirá nun espazo lúdico e de xogo que terá lugar dende as 7:30 horas ata o inicio do horario escolar e durante o cal os/as participantes tamén poderán almorzar.

- **Obradoiros “Herbas das Mulleres”:** Actividade na que levaremos a cabo unha revisión da medicina tradicional dende unha perspectiva de xénero. As bruxas vista coma “médicas”, as parteiras coma “matronas”, as curandeiras coma “fisioterapeutas”, etc.

Durante os obradoiros faremos unha recolecta de prantas e elaboración de remedios naturais buscando a sabedoría das nosas avoas, bisavoas, etc.

O fomento da igualdade entre as novas xeracións a través das actividades nos centros de ensino é sempre unha prioridade nas nosas programacións, pero tamén o é promover a igualdade con obradoiros e actividades dirixidas ás mulleres e homes adultas/os do noso concello.

Con esta programación buscamos, coma de costume, chegar a persoas de todas as idades e gustos.

Para máis información sobre as actividades contactar co CIM do Concello de Viana do Bolo: 988 32 92 60



CONCELLO DE
VIANA DO BOLO
Concellería de Servizos Sociais e Igualdade

